



INFORMACIÓN ACERCA DAS UNIDADES DE APOIO COMUNITARIO PARA A ATENCIÓN AO TRASTORNO MENTAL GRAVE EN GALICIA

Introdución:

A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención Primaria, é o órgano directivo do que, segundo o Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, depende a xestión dos centros asistenciais de trastorno mental.

Os procesos de rehabilitación psiquiátrica, dirixidos as persoas con trastorno mental severo, realízanse, no ámbito comunitario, nos dispositivos de apoio complementario para o trastorno mental severo, definidos polo Decreto 389/1994 do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia.

Definición e normativa de aplicación:

Tanto os pisos protexidos e unidades residenciais (regulados no Decreto 347/2002, do 5 de decembro, polo que se regulan os pisos protexidos, vivendas de transición e unidades residenciais para persoas con trastornos mentais persistentes) como os centros de rehabilitación psicosocial e laboral (CRPL) (regulados na Orde do 23 de outubro de 1998 de regulación dos centros de rehabilitación psicosocial e laboral para enfermos mentais crónicos) son centros sanitarios que se rexirán, de xeito xeral, pola normativa de aplicación para centros sanitarios.

Enténdese por Pisos Protexidos, aquelas unidades de apoio comunitario previstas como fórmulas de aloxamento alternativas á institucionalización das persoas con trastorno mental persistente con autonomía de conduta pero sen posibilidades de convivencia familiar, e que requiren axuda psicosocial para o seu desenvolvemento e integración social na comunidade.





Enténdese por Unidades Residenciais, aquelas unidades de apoio comunitario destinadas a aloxar pacientes que non precisen coidados sanitarios específicos, pero que presenten carencias de autonomía que requiran dunha atención sociosanitaria continuada de carácter tutelar.

Pola súa parte, os centros de rehabilitación psicosocial e laboral (CRPL) son aqueles que prestan unha atención diúrna, globalizadora e multidisciplinar, dirixida ós pacientes mentais crónicos estables e ós seus familiares, coa finalidade da rehabilitación e integración social e laboral dos usuarios.

Procedemento de asignación de praza:

A asignación de prazas nestas unidades de apoio comunitario (pisos protexidos, unidades residenciais e centros de rehabilitación psicosocial e laboral), en canto centros sanitarios autorizados pola Consellería de Sanidade e inscritos no Rexistro de centros sanitarios segundo o Decreto 12/2009, de 8 de enero, por el que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, modificado polo Decreto 42/2014, de 27 de marzo, en canto prazas sanitarias, deben ser obxecto de xestión polas xerencias das distintas áreas sanitarias a través dos servizos de saúde mental, sendo o procedemento de adxudicación de praza o regulado no artigo 12 do Decreto 347/2002, do 5 de decembro, polo que se regulan os pisos protexidos, vendas de transición e unidades residenciais para persoas con trastornos mentais persistentes.

O procedemento iniciarase coa solicitude formulada polo xefe de servizo de psiquiatría, e acompañarase do informe social emitido polo traballador/a social sanitaria de referencia ou, no seu defecto, o/a traballador/a social dos servizos sociais municipais, e do informe médico que acredite a estabilidade do paciente e o obxectivo terapéutico a acadar.





ANEXO I: Relación de dispositivos concertados para o trastorno mental na Comunidade autónoma de Galicia (expediente nº AB-SER-20-004)

Área Sanitaria	Dispositivo	Titular	Concello	N.º de Prazas
A CORUÑA	CRPL	ASOC. APEM	A CORUÑA	15
	CRPL	ASOC. APEM	A CORUÑA	20
	CRPL	ASOC. APEM	A CORUÑA	45
	CRPL	ASOC. APEM	CEE	20
	CRPL	ASOC. APEM	CARBALLO	40
	CRPL	ASOC. APEM	BETANZOS	15
	CRPL	ASOC. APEM	CAMBRE (Culleredo)	20
	CRPL	ASOC. APEM	VIMIANZO	15
	UNIDADE RESIDENCIAL *	ASOC. APEM	CEE	25
	PISOS PROTEXIDOS	ASOC. APEM	A CORUNA ARTEIXO CAMBRE CARBALLO CEE CULLEREDO	44
FERROL	CRPL	ASOC. EUME E ORTEGAL	NARÓN	55
	CRPL	ASOC. EUME E ORTEGAL	CERDIDO	15
	PISOS PROTEXIDOS	ASOC. EUME E ORTEGAL	NARÓN	16
SANTIAGO	CRPL	ASOC. FONTE DA VIRXE	SANTIAGO	50
	PISO PROTEXIDO	ASOC. FONTE DA VIRXE	SANTIAGO	4
	CRPL	ASOC. A CREBA	NOIA	40
	CRPL	ASOC. A CREBA	RIBEIRA	20
	PISOS PROTEXIDOS	ASOC. A CREBA	NOIA	20
	CRPL	ASOC. ANDAINA	DODRO	15
	CRPL	ASOC. ANDAINA	ORDES	15
PISOS PROTEXIDOS	ASOC. ITÍNERA	SANTIAGO	8	
	PISO PROTEXIDO	UTE ITÍNERA - ANDAINA	AMES	4

* De referencia para pacientes das Áreas Sanitarias de A Coruña e Ferrol





Área Sanitaria	Dispositivo	Titular	Concello	N.º de Prazas
LUGO	CRPL	ASOC. ALUME	LUGO	65
	CRPL	ASOC. ALUME	GUITIRIZ	15
	PISOS PROTEXIDOS	ASOC. ALUME	LUGO	17
	PISO PROTEXIDO	ASOC. A MARIÑA	BURELA	5
	UNIDADE RESIDENCIAL**	ASOC. A MARIÑA	CERVO	25
	CRPL	ASOC. A MARIÑA	BURELA	25
	CRPL	ASOC. A MARIÑA	RIBADEO	20
	CRPL	ASOC. ALBORES	MONFORTE DE LEMOS	25
	CRPL	ASOC. ALBORES	CHANTADA	15
	PISO PROTEXIDO	ASOC. ALBORES	MONFORTE DE LEMOS	4
OURENSE	CRPL	ASOC. MOREA	LALÍN	15
	CRPL	ASOC. MOREA	OURENSE	50
	CRPL	ASOC. MOREA	O BARCO DE VALDEORRAS	20
	CRPL	ASOC. MOREA	VERÍN	20
	UNIDADE RESIDENCIAL***	ASOC. MOREA	OURENSE	20
	PISOS PROTEXIDOS	ASOC. MOREA	OURENSE	14
	UNIDADE RESIDENCIAL***	TRONCOSO S.L.	OURENSE	39

** De referencia para pacientes das Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

*** De referencia para pacientes da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras e para a Área Sanitaria de Vigo.





Área Sanitaria	Dispositivo	Titular	Concello	N.º de Prazas
PONTEVEDRA	CRPL	ASOC. LAR	VILAGARCIA	55
	UNIDADE RESIDENCIAL****	FUNDACIÓN LAR	VILAGARCIA	22
	PISOS PROTEXIDOS	FUNDACIÓN LAR	VILAGARCIA	10
	CRPL	ASOC. ALBA	PONTEVEDRA	50
	PISOS PROTEXIDOS	ASOC. ALBA	PONTEVEDRA	30
VIGO	CRPL	ASOC. AVELAÍÑA	A GUARDA	30
	CRPL	ASOC. AVELAÍÑA	BAIONA	25
	PISO PROTEXIDO	ASOC. AVELAÍÑA	A GUARDA	4
	CRPL	ASOC. DOA	CANGAS	25
	CRPL	ASOC. DOA	VIGO	64
	PISOS PROTEXIDOS	ASOC. DOA	VIGO O ROSAL REDONDELA SALCEDA DE CASELAS CANGAS	34
	CRPL	ASOC. LENDA	REDONDELA	45

**** De referencia para pacientes das Área Sanitaria de Pontevedra e o Salnés e para a Área sanitaria de Santiago e o Barbanza.

Dispositivo	N.º de Prazas
CRPL	964
PISOS PROTEXIDOS	214
UNIDADES RESIDENCIAIS	131
TOTAL	1.309

